QUINTO e SEXTO

O PAPIRO DO CÉSAR
Autor/a: Jean Yves Ferri.
Ilustrador: Didier Conrad
Tradución: Xavier Senín/ Isabel Soto
Editorial:Xerais

O mundo de Astérix creado por Uderzo e Goscinny volve da man dos novos autores cun malvado novo personaxe: Promoplús.

UN MOSQUITO DE NOME HENRI
Autor/a: Raúl Dans.
Ilustrador: Jacobo Fernández Serrano
Editorial: Baía Edicións

Henri quere ser piloto de aviación, mais ten un pequeno problema: é miope. É unha historia de superación e de aprendizaxe.
Obra gañadora do X Premio Barriga Verde.



ROBER AX. LA DIVERTIDA HISTORIA DE LAS OLIMPIADAS
Autor: Carlos García Retuerta
Ilustrador: Pablo Espada
Editorial: Alfaguara Juvenil

Roger Ax, o extraterrestre máis divertido do espazo, continúa a súa viaxe pola terra. Nesta ocasión participará nos Xogos Olímpicos.

ESCARLATINA A COCIÑEIRA DEFUNTA
Autor: Ledicia Costas
Ilustrador: Víctor Rivas
Editorial: Xerais

Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulle aos seus pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario. Recibiu un agasallo moi singular, un cadaleito acompañado dun sobre negro onde viñan as instrucións para activar a Escarlatina.

Esta guía foi elaborada de xeito colaborativo polos seguintes centros PLAMBE de A Estrada:

Ceip Plurilingüe de Oca

Ceip Cabada Vázquez

Ceip do Foxo

Ceip de Figueiroa



CEIP CABADA VÁZQUEZ
Nadal 2015



Non sabes que regalarlle a un neno/a?
Regálalle:

*
***
****
MEL
BICOS
AMORES
ILUSIÓNS
CANCIÓNS
ALOUMIÑOS
IMAXINACIÓN
UN
LIBRO

http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcabadavazquez/biblioteca

INFANTIL

HAI AMOR PARA TODOS

Autor: Nanja Pregl
Ilustrador: Maja Lubi
Editorial: Picarona

Zala é unha simpática nena que ten unha gran familia. Vainos amosar quen forman a súa árbore xenealóxica: pais, avós, parellas destes, tíos, curmáns… Son moitísima xente pero ela quéreos a todos e todos a queren a ela. Porque o amor non ten fin, non se esgota e, por iso, se pode querer á vez a moitas persoas.

LA OVEJITA QUE VINO A CENAR

Autor: Steve Smallman
Ilustradora: Joelle Dreidemy
Editorial: Beascoa.

Na casa do vello lobo famento para cear sempre hai unha miserenta "sopa de verduras!!!" Pero unha noite, chaman á porta e trátase dun pobre año que se perdeu... O lobo quere comelo pero o año quere ser o seu AMIGO!

O RABAÑO



Autora: Margarita del Mazo
Ilustradora: Guridi
Editorial: La fragatina

Ser ovella é moi doado. Só hai que seguir o que di o manual: pasear, comer, durmir … e axudar a durmir. Pero … que pasa cando unha ovella non sigue o manual?...

O MONSTRO DAS CORES

Autora: Anna Llenas
Ilustradora: Anna Llenas
Editorial: Flamboyant

O monstro de cores non sabe que lle pasa. Fixo unha lea coas súas emocións e agora tócalle desfacer a maraña. Unha historia sinxela e divertida que introducirá aos pequenos e maiores no mundo das emocións.

PRIMEIRO e SEGUNDO

A AMIGA DE OSIÑO

Autor/a:Else Homelund Minarik
Ilustrador: Maurice Sendak
Editorial: Kalandraka

Osiño disfruta da compañía dunha amiga coa que pasea, charla e comparte cousas…. Aínda que ao final se terán que separar esa amizade ha de continuar.

LAS PRINCESAS TAMBIÉN SE TIRAN PEDOS

Autor/a: Ilan Brenman
Ilustrador: Ionit Zilberman
Editorial: Algar

Á pequena Laura xurdiulle unha dúbida despois dunha longa discusión na clase sobre Cincenta. O seu amigo Marcelo confesoulles que a famosa e delicada princesa botaba moitos peidos. O pai de Laura, ao que lle gustan os libros e as boas historias, posúe o libro segredo das princesas onde Laura atopará as respostas a todas as súas preguntas.



CARLIÑOS SUPER M

Autora: Margarita del Mazo
Ilustrador: Guridi
Editorial: La fragatina

Carliños, tan fervello e observador coma sempre, tráenos unha aventura nova na que, inspirado polo voo dunha mosca, decide converterse nun superheroe moi especial. Como é o seu traxe? Cales serán os seus superpoderes?

ERNESTO BO DÍA

Autor: José Campanari
Ilustrador: João Vaz de Carvalho
Editorial:OQO editora.

Aquel domingo, Ernesto estaba convidado a merendar na casa da súa noiva Henriqueta. A cita era ás seis, nin un minuto antes, nin un minuto despois. Ernesto saíu da casa nunha tarde soleada. Levantouse unha brisa, caeron unhas pingas, choveu e ventou… mentres a familia da noiva, desacougada, non deixaba de mirar o reloxo porque Ernesto non daba chegado.

TERCEIRO e CUARTO



O CADERNO DE EDUA

Autora: Helena Villar Janeiro.
Ilustradora: Carmen Queralt.
Editorial: Sushi Books

Eduarda Coedo Alba, á que lle chaman Edua porque lle gusta máis, vive na aldea do Cebreiro, que está no curuto dun monte moi alto, cerca de Pedrafita, na terra de Ancares. Polo seu aniversario, o seu avó regálalle un caderno que cambiará a súa forma de ver as cousas.



ALMANAQUE MUSICAL

Autor: Antonio Rubio.
Ilustrador: David Pintor.
Editorial: Kalandraka

Poesía ilustrada. Un poema ilustrado para cada mes, con versos que danzan no pentagrama ao son dos concertos para corda dos compositores máis emblemáticos.

2º PREMIO DE ILUSTRACIÓN Festival Internacional de Literatura Infantil-Xuvenil de Sharjah (Emiratos Árabes) – 2012. OS + 2012 (Fundación Germán Sánchez Ruipérez)

EMOCIONARIO

Autora: Cristina Núñez
Ilustrador: Rafael Romero
Editorial: Palabras aladas

Unha viaxe a través das emocións. Descubrirás como son os teus sentimentos.

O PODER DE AMABEL

Autor:Érica Esmoris
Editorial:.Sushibooks (Rinoceronte Editorial).

Todos os membros da familia de Amabel teñen superpoderes: unha forza descomunal, a velocidade do raio, unha abraiante intelixencia ou mesmo a capacidade de facerse invisible. Pero Amabel aínda non sabe cal é a súa habilidade extraordinaria. Para descubrilo, embarcarase en aventuras ben peculiares.